

OS GRUPOS DA OPOSICIÓN COMPROMÉTENSE A PRESENTAR AS DEMANDAS DAS OOS DO ENSINO CONCERTADO

CCOO agradecemoslle aos grupos de EN MAREA, BNG e PSOE a receptividade mostrada coas demandas das traballadoras/es de concertada e a inclusión das enmendas á lei de orzamentos que lles solicitamos.

Os días 13 e 14 de novembro as organización sindicais do ensino concertado (CCOO, FSIE, UGT, USO e CIG) reunímonos con todos os grupos parlamentarios da Cámara galega para facerlles chegar as demandas dos



Xuntanza das OOS de concertada coa deputada Luca Chao de En

traballadores e traballadoras do sector. Nesa xuntanza fixemos fincapé na importancia que tiña para nos a supresión na lei de orzamentos das cláusulas que impiden asinar acordos co ensino concertado, bloquean o dereito á negociación colectiva e condena ao profesorado galego a unhas condicións laborais máis precarias ca da maioría das compañeiras/os de concertada do resto do Estado.

Todas as organizacións da oposición (PSOE, EN MAREA e BNG) aceptaron defender a nosa proposta e comprometéronse a levar ao debate parlamentario a petición de supresión desas cláusulas.

É unha boa nova para o sector porque nos pode encarrilar na liña de encetar unha etapa de negociación que debe rematar coa reposición dos dereitos perdidos (acordos de 2008, homologación, Paga de Antigüidade....)

Agora a decisión está nas más do PP que pode usar a súa maioría absoluta parlamentaria para aceptar estas alegacións ou sacrificar os dereitos dos traballadores da concertada consolidando as crecentes diferenzas co profesorado de pública e co da concertada do resto de España.

Irémovos informando.